Köszönöm a kedvességét, nővér. Átküldenek egy másik, nedvesebb szállodába. Galiciába. San Simón szigetére.

Izarne nővér tekintetét az egyik ablakra szegezte. Látszott a tisztás a hegyen, a seprűzanótvirágok aranyló hátterével. Majd egy novícia mosolyával válaszolt.

Látja? Isten útjai kifürkészhetetlenek. Így legalább közel lehet a feleségéhez.

Igen. Ez jó.

Ha majd lesz rá lehetősége, ölelje meg jó erősen a nevemben. Ne felejtse, hogy én voltam az egyik, aki összeadta magukat.

Megölelem. Jó erősen.



# 19.

---

Daniel Da Barca percorreu en rápida ollada as fileiras de fiestras na busca do reflexo de pomba dunha touca. Pero non a atopou. Despedírase un por un dos enfermos presos. Na saída, xuntouse un coro de mercedarias. Ela non estaba. A madre Izarne reza na capela, díxolle a monxa máis vella, coma quen trae un recado. El asentiu. Mirábano expectantes. A airexiña abanaba os hábitos nun adeus branco. Debería dicir unhas verbas, pensou. Ou mellor nada. Sorriulles.

¡A miña bendizón, madres! E fixo o sinal da cruz no aire coma un deán.

Elas riron coma rapaciñas.

¿E ti que dixeches?, preguntou Maria da Visitação a Herbal.

Eu non dixen nada. ¡Que ía dicir! Marchei como viñen. Como a súa sombra.

Aquela escena debeu causar algún efecto no sarxento García. Son as ordenanzas, doutor, díxolle ao poñerlle as esposas, coma se lle molestase irromper con caeas na despedida. Na orde en que lle comunicaron a custodia do preso, que faría na compañía do cabo Herbal, de volta ao seu destino en Galicia, informábaselle de que se trataba dun «destacado elemento desafecto ao réxime», condenado a cadea perpetua. Subira, pois, ao sanatorio penal con ánimo alerta e incomodado por unha misión de traslado que lle faría percorrer España todo ao largo, en trens que se arrastraban coma penitentes coa cruz ao lombo. Tranquilizárao a visión do preso, co ramallo de monxas cativadas. Como oíra dicir a un vello brigada, o intelectual éche coma o xitano, unha vez que cae, non se amotina. O que era un morto, pensou cando xa se acomodaron no primeiro tren, de Valencia a Madrid, era o compañeiro que lle tocara de escolta. Un aborrecemento. Coma un borracho

Daniel Da Barca gyorsan végigjáratta a tekintetét az ablakokon, egy fityula galambszerű visszatükröződését kereste. De nem találta meg. Egyenként elköszönt minden betegtől. Az apácák a kijáratnál gyűltek össze. De ő nem volt köztük. Izarne anya a kápolnában imádkozik, mondta a legidősebb apáca, mintha valami üzenetet adna át. A doktor bólintott. Várakozóan nézték Da Barcát. A szél lebegtette a ruhájukat. Fehér búcsúzás. Mondania kellene valamit, gondolta. Vagy inkább mégsem. Rájuk mosolygott.

Áldásom önökre, nővérek! És keresztet vetett a levegőbe, mint egy esperes.

Úgy nevettek, mint a serdülőlányok.

És te mit mondtál? Kérdezte Herbalt Maria da Visitação.

Semmit. Mit mondtam volna. Úgy távoztam, ahogy érkeztem. Az árnyékaként.

A jelenet nagy hatással lehetett García őrmesterre. Ez a parancs, doktor úr, mondta, amikor megbilincselte a kezét. Úgy tűnt, mintha kellemtlenül érezné magát attól, hogy láncokkal kell megszakítania a búcsúzkodást. A hivatalos dokumentumban, melyben megbízták a fogoly őrzésével, és kijelentették, hogy Herbal tizedessel együtt ő felelős a fogoly Galiciába való biztonságos átszállításáért, azt írták, hogy egy életfogytiglanra ítelt, „kiemelten rendszerellenes egyénről” van szó. García őrmester így mindenre felkészülve és meglehetősen kellemtlenül ment fel a szanatóriumba. A küldetés során egész Spanyolországot át kellett szelni szél-tében, ráadásul olyan, keresztrel megjelölt vonatokon, melyek úgy vonszolták magukat, mint a bűneikért szenvedő bűnbánók. Az elbűvölt apácák gyűrtjében álló fogoly látványa némileg megnyugtatta. Egy öreg őrmestertől hallotta még régen: az

sobrio pola mañá. Coma un enterrador puntual. De aquí a Vigo, ía saírlle unha arañeira nas perfeas.

Perdoe que lle interrompa a lectura, doutor, pero quixera facerlle unha consulta. É unha cousa á que lle veño dando voltas hai tempo. Vostede é médico, debe saber diso. ¿Por que os homes temos sempre ganas? Xa me entende.

¿Refírese ao sexo?

Iso é, dixo o sarxento rindo. Fretou, fru fru, as mans en perpendicular: Refírome ao asunto. Os animais paran, ¿non? Quero dicir. Teñen o celo e logo paran. Pero os humanos non. ¡O pao da bandeira sempre teso!

¿A vostede pásalle iso?

Eu vexo unha muller e xa me vai a idea. Pásanos a todos, ¿non? ¿Non me dirá agora que é unha doenza?

Non, exactamente. É un síntoma. Iso pasa adoito nos países onde se fai pouco. Arremedou ao sarxento no aceno de fregar, fru fru, as mans: Xa me entende.

Ao sarxento García fíxolle gracia a observación. Ceibou unha risada e mirou cara a Herbal. Un tipo fino, ¿eh, cabo?

Eu non me sentía moi ben, contoulle Herbal a María da Visitação. Pasara máis dun ano da viaxe de ida. Cambiaran de tren en Madrid e colleran na Estación do Norte un expreso con destino a Galicia. Ían desandar o camiño do tren perdido na neve. Era primavera e o sol facía escintilar as esposas do doutor coma se fosen reloxos de pulseira. Pero Herbal non se sentía ben. Notou a propia palidez coma se se deitase nunha almofada fría e húmida.

¿Séntese ben, cabo?

Si, sarxento. O tren dáme sono.

Será da tensión baixa. ¿Como funciona iso da tensión, doutor? ¿É certo que ten que ver co azucre?

O sarxento García era moi falangueiro e tiña o acento simpático dos andaluces. Cando a conversa decaía e o doutor Da Barca volvía ao abeiro do libro, el enfiaba outro asunto coma se quixer imporse ao monótono troupeleo. Ían un fronte do outro, a carón da ventá, mentres Herbal durmiñaba algo apartado co fusil no regazo. Sós no departamento. Nunha das paradas, cando xa anoitecía, Herbal espertou co

értelmiségi olyan, mint a cigány, ha egyszer elbukik, nem lázadozik többet. Viszont, aki tényleg olyan volt, mint egy halott, gondolta, miután elhelyezkedtek az első, Valenciából Madridba tartó vonaton, az nem volt más, mint a kísértője. Unalmas. Mint egy részeg ember reggel. Mint egy pontosan érkező sírásó. Innentől Vigóig még pókháló nő a szempilláira.

Elnézést, hogy megszakítom az olvasásban, doktor úr, de szeretném kikérni a tanácsát egy dologban. Már régóta nyugtalanít. Maga pedig mégiscsak orvos, biztos tud rá magyarázatot adni. Mi férfiak miért akarjuk mindig azt csinálni? Érti, mire gondolok?

A szexre?

Igen, mondta az őrmester nevetve. Körkörösén összedörzsölte a kezét: Igen, arra gondolok. Az állatok lenyugszanak. Nem? Vége a párzasi időszaknak, és lenyugszanak. De az emberek nem. A zászlórúd mindig peckesen áll!

Önnel mindig így van?

Meglátok egy nőt, és rögtön az jut az eszembe. De mindannyiunkkal így van, nem? Csak nem azt akarja mondani, hogy ez valami betegség?

Nem egészen. Inkább csak egy tünet. Azokra az országokra jellemző, ahol keveset csinálják. Utánozta az őrmester mozdulatát, és körkörösén összedörzsölte a kezét: Érti, őrmester?

Garcia őrmester viccesnek találta a választ. Felnevetett, és Herbalra nézett. Milyen finom ember, mi, tizedes?

Én nem éreztem magamat túl jól, mondta Herbal María da Visitação-nak. Több mint egy év telt el azóta, hogy megérkeztünk a szanatóriumba. Madridban az északi pályaudvaron átszálltak egy Galiciába tartó expresszvonatra. Újra megtették fordított irányban a hóban elveszett vonat útját. Tavasz volt, és úgy csillogtak a doktor bilincsei a kezén, mint egy karóra. De Herbal nem érezte jól magát. Felfigyelt saját sápadtságára, mintha egy hideg és nedves párnára dőlt volna.

Jól érzi magát, tizedes?

Igen, őrmester. A vonaton mindig elálmosodok.

Biztos alacsony a vérnyomása. Hogy van ez a vérnyomással, doktor úr? Igaz, hogy a cukorszinthez van köze?

ruído da porta. Asomou unha muller cun neno no colo e outro da man. Ela levaba un pano na cabeza. Dixo polo baixo: Sigue, filliño, aquí non.

Cando volveu durmir, Herbal escoitou ao doutor Da Barca falando coa monxa aquela, a madre Izarne. Dicialle: os recordos son engramas. ¿E iso que é? Son como cicatrices na cabeza. E entón viu unha reia de xentes coa trencha de carpinteiro facerlle cicatrices na cabeza. E aos máis, el dicialles que non, que non lle fixeran cicatrices na cabeza. Ata que apareceu Marisa, a nena Marisa, e el díxolle: Si, faime unha cicatriz na cabeza. E Nan. A súa cabeza era un anaco de ameneiro. Nan deulle un corte suave e achegou o nariz para ulir. E logo veu o seu tío, o trampeiro, e ficou co coitelo en alto, dicindo: Ben che me pesa, Herbal. E el dixo: Se hai que darlle, dálle, tío. Pero logo, a súa cabeza estaba enlamada, nunha feluxe de carbón, en Asturias, e unha muller berraba, e o oficial dicía: ¡Disparen, hostia, me cago en diola! E el dicía: Non, non me fagades esa cicatriz. E logo viuse nun monte, á beira dunha estrada, nunha noite de luar en agosto. Tiña de diante un mozo uniformado, con cara de trampeiro, e ía dicirlle por que. ¿Por que me fas esta cicatriz? Lembrou o lapis. O lapis de carpinteiro. A muller do pano na cabeza díxolle: Sigue filliño, aquí non. E espertou cheo de suor, remexendo no saco da equipaxe.

¡Ei, cabo! Estamos na súa terra. ¿Non ve que está chovendo? ¡Débeme tres imaxinarias!

E logo en voz baixa: ¡Carallo co vixía! Durmiría nun bombardeo.

No fondo do saco, encontrou o lapis.

¡Ola, Herbal!, díxolle o pintor. Xa estamos en Monforte. Aquí o tren divídese. Eu para o norte, para A Coruña, e ti para o sur. ¡Coida dese home!

¿E que vou facer?, murmurou Herbal. Acabouse a parentela. Non fico en San Simón. Mándanme a outro destino.

Mira, dixo o pintor. ¡Fíxate nela!

Alí a estaba. O seu pelo roxo, o arco iris dos ollos, ía apartando a brétema do andén. O doutor, esposado, petou cos dous puños no vidro.

¡Marisa!

O sarxento García, tan falanguero, ficou mudo coma se a ventá fose unha pantalla de cine.

¡Adeus, Herbal!, dixo o pintor. Vou ver como está o fillo.

García órmester bõbeszedű volt, és kedélyes, andalúziái tájszólással ejtette ki a szavakat. Ha alábbhagyott a beszélgetés, és Da Barca doktor megpróbált visszatérni könyvének menedékébe, új témát hozott fel, mintha csak el akarná nyomni a monoton zakatolást. Szemben ültek egymással az ablak mellett, míg Herbal az ölébe ejtett puskájával szunyókált. Egyedül voltak az egész kocsiiban. Estefelé az egyik állomásnál Herbal felriadt a becsapódó ajtó zajára. Egy nő volt az. Egy gyermeket vitt az ölében, egy másik gyerek pedig a kezét fogta. Kendő volt a fején. Halkan csak ennyit mondott: menjünk tovább, kisfiam, ide inkább ne.

Ahogy visszaaludt, Herbal a doktor és Izarne anya hangját hallotta. Beszélgettek. Azt mondta a doktor: az emlékek engramok. Azok meg kicsodák? Apró hegek a fejben. És Herbal hirtelen azt látta, hogy egy sor ember ácsvésővel a kezében sebeket ejt a fején. Ő pedig csak tiltakozott, hogy nem, ne ejtsenek sebeket a fején. Egészen addig, amíg meg nem jelent Marisa, a kislány Marisa, neki azt mondta, hogy ejtsél egy sebet a fejemen. Aztán megjelent Nan. A feje egy égerfadarab volt. Nan finoman belevágott, és odahajolt, hogy megszagolja. És megérkezett a nagybátyja, a vadász is, magasra emelte a kést, és azt mondta: nagyon sajnálom, Herbal. És ő azt válaszolta: ha így kell lennie, akkor így kell lennie, uram. Aztán egyszer csak Asturiasban volt, az egész arcát szén borította, egy nő jajveszékelt, és egy tiszt azt kiáltotta: Lőjenek már, az istenit! Ő pedig azt mondta: Ne ejtsetek sebet rajtam. Aztán egy hegyen találta magát, egy út mellett, egy holdfényes augusztusi éjszakán. Egy fiú állt előtte egyenruhában. Vadásznak tűnt, és épp meg akarta kérdezni tőle, hogy miért. Miért sebzél meg? És akkor eszébe jutott a ceruza. Az ácsceruza. A kendős nő csak ennyit mondott: menjünk tovább, kisfiam, ide inkább ne

Hé, tizedes! Megérkeztünk a szülőföldjére. Nem látja, hogy esik? Jön nekem három ügyelettel!

Majd halkan hozzátette: A kurva anyját! Egy bombázást is átaludna.

A zsákjának a mélyén megtalálta a ceruzát.

Szervusz, Herbal! Köszöntötte a festő. Már Monfortében vagyunk. Itt elválik az utunk. Én északra megyek, Coruñába, te pedig dél felé. Vigyázz erre az emberre!

Mi lesz velem? Suttogta Herbal. Nem leszünk többé közel egymáshoz. San Simónban nem maradhatok. Át fognak helyezni máshová.

Oda nézz! Mondta a festő. Nézd csak!

¡É a miña muller!, dixo o doutor sacudindo ao sarxento coas mans esposadas, excitado coma se anunciase a chegada dunha raíña.

E érao, e mais ben coma unha raíña costureira. Con aquilo si que non contaba o sarxento García, díxolle Herbal a Maria da Visitação. Nin eu. Cando asomou no departamento, non sabíamos se disparar en salva ou poñernos de xeonllos. Eu fixen así coma quen.

Marisa traía un cesto como para ir de merenda e un traxe estampado de flores que se lle cinguía ao corpo, cos brazos espidos. Era coma se nunha cela entrase enteira unha horta en primavera, con abellas e todo. O arrimo inicial foi inevitable. O cesto de vimbio crepitou entre os dous corpos coma o esqueleto do aire.

Abraioume aquel abrazo, contoulle Herbal a Maria da Visitação. A cadea das esposas esvarou polas costas e ficou atravesada na cintura, no comezo das nádegas.

Co tren en marcha, o sarxento García considerou que era a hora de imporse aos acontecementos. O seu acento simpático virouse cortante como tesoir de aceiro. Separáronse.

É a miña muller, sarxento, dixo o doutor Da Barca coma se lle puxera nome á auga.

Levamos mil anos no mesmo tren e non me dixo nada de que o agardaba a súa muller. E exclamou sinalando para a xente da plataforma: ¡Podía terme aforrado este circo!

El non sabía nada, dixo Marisa.

O sarxento mirouna perturbado coma se lle estivese a falar en francés e colleu o telegrama que ela tendía. Asinaba a madre Izarne dende o sanatorio penal de Porta Coeli e informábaa do horario de trens do traslado.

Non quero ser descortés, doutor, dixo o sarxento García, pero, ¿como sei que son marido e muller? Non me serve a palabra. Necesitan papeis.

Naquel momento fun un covarde, contoulle Herbal a Maria da Visitação. Non sei o que me pasou. Quería dicir: Sono, eu seino. Pero varréuseme a voz.

Eu teño os papeis, dixo moi digna Marisa. E sacounos daquel cesto da merenda.

A actitude do sarxento García cambiou dende ese momento. Estaba impresionado e non me estraña, dixo Herbal. Aquela muller tornaba a noite en día, ou

Ott állt. Szőke hajával, szivárványszínű szemével kiemelkedett a ködből a vágányon. A doktor megbilincselte kezével az üveget verte.

Marisa!

A mindig bőbeszédű García őrmester némán nézte a jelenetet, mintha mozi-vászon lenne az ablak.

Isten veled, Herbal! Mondta a festő. Megnézem, hogy van a fiam.

A feleségem, kiáltozta a doktor. Megbilincselte kezével izgatottan ráncigálta az őrmestert, mintha egy királynő érkezését jelentené be.

És az is volt, királynő volt, a varrónők királynője. Erre még García őrmester sem számított, mondta Herbal Maria da Visitação-nak. Sőt még én sem számítottam. Amikor felszállt a vonatra, nem tudtuk, hogy díszlövéssekkel fogadjuk, vagy boruljunk térdre előtte. Végül úgy csináltam, mintha nem tulajdonítanék neki nagy jelentőséget.

Marisa kezében kosár volt, mintha csak uzsonnázni menne. Virágmintákkal díszített, szűk, ujjatlan, ruhát viselt. Olyan volt, mintha egy egész tavaszi kert lépett volna be a kocsiba, méhestül és mindenestül. Az üdvözlő ölelés elkerülhetetlen volt. A fűzfakosár úgy ropogott a két test között, mint egy láthatatlan csontváz.

Elképesztett az az ölelés, mondta Herbal Maria da Visitação-nak. Átcsúsztatta bilincset a nő hátán, és átölelte a derekát, a láncok a csípője köré kulcsolódtak.

Ahogy a vonat elindult, az őrmester úgy gondolta, hogy itt az ideje beavatkozni. Kedélyes tájékozlása hirtelen éles lett, mint egy acélolló. Kibontakoztak az ölelésből.

Őrmester úr, a feleségem, mondta Da Barca doktor, olyan természetességgel, mintha csak a víznek akarna nevet adni.

Itt utazunk már ezer éve ezen a vonaton, és egy szóval sem említette, hogy várja majd a felesége. A peronon várakozó emberekre mutatva felkiáltott: Megspórolhatta volna nekem ezt a cirkuszt!

Semmiről sem tudott, mondta Marisa.

Az őrmester zavartan ránézett, mintha franciául beszélne, és elvette a felé nyújtott táviratot. Izarne anya írta a Porta Coeli börtönszsanatóriumból. Ott állt benne a foglyot szállító vonat menetrendje.

*viveversa*, que diría o Gengis Khan. Mirou arredor, como nun trámite, e quitoulle as esposas ao doutor.

Poden sentar xuntos, dixo sinalando a fiestra. E el quedou co cesto. Era de bo dente.

O doutor Da Barca colleu as mans de Marisa, dixo Herbal antes de que Maria da Visitação lle preguntara qué facían. Contaba os dedos dela por se lle faltaba algún. Ela choraba, coma se lle fixera dano velo.

De súpeto, el levantouse e dixo: Sarxento, ¿non lle apetece fumar un cigarro?

Foron ao corredor do tren e non fumaron un cigarro senón media ducia. O tren corría pola beira do Miño, tinguida de verdes e lilas, e o sarxento e o doutor parolaban animados como na barra da derradeira taberna.

Dende o meu curruncho de durmiñoco, dixo Herbal, eu mirábaa con mágoa, con ganas de tirar o fusil pola ventá e abrazala. Ela choraba sen entender nada. Eu tampouco. Faltaban uns minutos para chegarmos á estación. Despois, nada. Anos e anos de cárcere sen poder tocar a aquela raíña costureira. Pero el, lería que lería co sarxento, coma dous feirantes. E así ata que chegamos á estación de Vigo.

A min estrañoume que non lle puxera as esposas. O sarxento chamoume á parte: Discreción absoluta co que imos facer. Se algún día vostede bota a lingua a pacer, buscareino aínda que sexa no inferno para pegarlle un tiro na boca. ¿Entendido?

Non hai fallo, sarxento.

Pois colla a súa parte. ¡Disimule, coño!

Herbal notou o tacto dos billetes na man e meteunos no peto do pantalón sen mirar.

Estamos os dous de acordo, ¿non?

Mirouno en silencio. Non sabía de que lle estaba a falar.

Ben. Ímoslle facer entón o favor a esta parella. Ao cabo, están casados.

Herbal pensou que o sarxento García perdera o xuízo, aloulado pola labia e a mirada hipnótica do doutor Da Barca. Debería telo previsto. Á parte do diñeiro que lle dera, e non podía ser moito, ¿que raio lle contaría para engaiolalo?

Este Daniel é un fenómeno, díxolle o pintor na orela.

¿Pero ti non te foras?, dixo Herbal sorprendido.

Nem akarok udvariatlan lenni, doktor úr, mondta García őrmester, de hogyan tudok megbizonyosodni arról, hogy maguk ténylegesen férj és feleség? Az, hogy azt állítják, nem elég. Papírokra lenne szükségük.

Abban a pillanatban valahogy inamba szállt a bátorságom, mondta Herbal Maria da Visitação-nak. Nem tudom, mi történt. Szólhattam volna, hogy tudom, én tudom, hogy házasok, de nem jött ki hang a torkomon.

Itt vannak a papírok, mondta méltósággal Marisa. És előkapta őket az uzsonnás kosárból.

García őrmester hozzáállása rögtön megváltozott. Láthatóan nagy hatással volt rá a dolog, ami nem csoda, mondta Herbal. Az a nő nappallá változtatta az éjszakát, és *viceversa*, ahogy Dzsingisz kán mondaná. Az őrmester körbenézett, mintha hivatalosan járna el, és kioldotta a doktor bilincset.

Leülhetnek egymás mellé, mutatott az ablakra. A kosár nála maradt. Nagyjétkű férfi volt.

Da Barca doktor megfogta Marisa kezét, mondta Herbal, még mielőtt Maria da Visitação rákérdezett volna, hogy mit csináltak. Végigszámolta az ujjait, hátha hiányzik valamelyik. A nő sírt, mintha fájna, hogy látja.

A doktor hirtelen felpattant: Őrmester úr, nem lenne kedve elszívni egy cigarettát?

Kimentek a folyosóra és nem egy, hanem legalább féltucat cigarettát szívtak el. A vonat a Miño folyó zöldes-lilás partján zakatolt, az őrmester és a doktor pedig olyan jó kedélyűen beszélgettek, mintha csak egy kocsmá pultjánál álltak volna.

A kabin sarkából, ahol egész úton szunyókáltam, mondta Herbal, fájdalommal néztem Marisát. Legszívesebben kidobtam volna a puskát az ablakon, és megleltem volna. Nem értett semmit, csak sírt. Én sem értettem. Már csak pár perc volt hátra az érkezésig. Aztán a semmi. Rács mögött töltött hosszú évek, anélkül, hogy hozzá tudna érni a varrónők királynőjéhez. A doktor pedig csak beszélgetett az őrmesterrel, mint két piaci árus. És ez így ment egészen addig, amíg meg nem érkezünk Vigóba.

Furcsának találtam, hogy nem rakta vissza rá a bilincset. Az őrmester félrehívott. Teljes diszkrétciót kérek azzal kapcsolatban, ami most következik. Ha bárkinek is elmondja, megtalálom, bárhol is van, és golyót röpítek a fejébe. Értette?

Penseino mellor. ¡Non podía perder esta viaxe!

¿Que facemos entón, cabo?, preguntou o sarxento. El díxome que vostede sabería. Que coñece ben Vigo.

O pintor petoulle co puño na tempa: Chegou a hora da verdade, Herbal. ¡Pórtate!

Podemos levalos a un hotel que hai aquí perto, señor. E que pasen por fin a súa noite de vodas.

Pola plataforma allea a todo o enredo, Marisa apurou o paso. Choraba en silencio. A Herbal pareceulle fermosísima, como as camelias a piques de caer. Por fin, Da Barca achegouse garimoso pero ela rexeitouno anoxada. ¿Quen es ti? Ti non es Daniel. Ti non es o home ao que eu agardaba. Ata que el a colleu con enerxía polos ombros, mirouna en fite, abrazouna e faloulle ao oído.

Escoita. Non fagas preguntas. Déixate levar. Hoxe vai ser a nosa noite de vodas.

Marisa transformouse a medida que foi entendendo. Púxoselle cara de noiva, contoulle Herbal a Maria da Visitação. Camiñaron serenos ata a rúa do Príncipe, mentres se acendían as primeiras luces do anoitecer, disimulando interesarse de cando en vez polos escaparates. Ata que chegamos ao hoteliño que alí había. O doutor Da Barca mirou cara ao sarxento. Este asentiu. E entrou a parella diante con aire decidido.

Boas noites. Son o comandante Da Barca, presentouse el con voz severa na recepción. Dous cuartos, un para min e a miña muller, e outro para a escolta. Ben. Nós imos subindo. O sarxento daralle os detalles.

Ás súas ordes, comandante. Boas noites, señora. Que descansen.

Boas noites, comandante Da Barca, dixo Herbal cadrándose moi formal. Inclinou lixeiramente a cabeza: Boas noites, señora.

O sarxento García mostrou a súa documentación. Díxolle ao recepcionista: Non quero que molesten ao comandante baixo ningún concepto. Pásenme a min calquera aviso.

Foi unha noite moi longa, contoulle Herbal a Maria da Visitação. Polo menos para nós. Supoño que para eles foi moi curta.

Non creo que as rulas escapen, dixo o sarxento ao chegar ao cuarto. Pero non imos correr riscos.

Természetesen, őrmester úr.

Akkor vegyen részt a színjátékban. Falazzon maga is, az istenért!

Herbal megérezte a kezében a bankjegyek érintését, és anélkül, hogy odanézett volna, a zsebébe tömte a pénzt.

Megegyeztünk, akkor?

Csendben nézte az őrmestert. Fogalma sem volt, miről beszél.

Szóval teszünk egy szívességet ennek a párocskának. Hiszen végülis házások.

Herbal arra gondolt, hogy García őrmesternek elment az esze, Da Barca doktor igéző tekintete és szavai hipnotizálták. Gondolhatta volna előre. A pénzen kívül, ami nem lehetett túl sok, vajon milyen varázslattal vehette rá erre?

Nem semmi ez a Daniel, súgta Herbal fülébe a festő.

Te még itt vagy? Kérdezte Herbal meglepetten.

Átgondoltam még egyszer. Nem akartam lemaradni erről az útról.

Nos, akkor mit csinálunk, tizedes? Kérdezte az őrmester. A doktor azt mondta, hogy maga tudni fogja. Hogy jól ismeri Vigót.

A festő megkocogtatta a halántékát: Itt az igazság órája, Herbal. Viselkedj!

Elvihetjük őket egy közeli szállodába, ahol eltölthetik végre a nászéjszakát.

Marisa nem tudott a tervről. Csendesen, sírdogálva meggyorsította a lépteit a peronon. Herbal gyönyörűnek látta, olyan volt, mint a lehullásra váró kaméliák. Da Barca végre kedvesen odament hozzá, de Marisa mérgesen ellökte. Ki vagy te? Te nem Daniel vagy. Nem az a férfi vagy, akire vártam. A doktor erélyesen megfogta a vállát, a szemébe nézett, átölelte, és a fülébe súgott pár mondatot.

Figyelj ide. Ne kérdezz semmit. Csak bízd rám magad. Ma lesz a nászéjszakánk.

Marisa átváltozott, ahogy lassan megértette a helyzetet. Menyasszonyarcot öltött, mondta Herbal Maria da Visitação-nak. Vidáman elsétáltak a Príncipe utcáig, közben kigyulladtak az alkonyat első fényei. Néha úgy tettek, mintha felkeltették volna az érdeklődésüket a kirakatok. Odaértünk végül a szállodához. Da Barca ránézett az őrmesterre. Az őrmester bólintott, a pár pedig határozottan belépett.

Jó estét. Da Barca parancsnok vagyok, mutatkozott be ridegen a recepciónak. Két szobát szeretnénk. Egyet nekem és a feleségemnek, egy másikat pedig az embereimnek. Mi fel is mennénk rögtön, de az őrmester majd elintézi a részleteket.

Szolgálatára, parancsnok úr. Jó éjszakát, hölgyem. Pihenjenek jól.

Así foi que pasaron a noite á veceira para escoitaren trala porta. Preséntome voluntario para a primeira imaxinaria, dixera o sarxento García chiscándolle teatreiro un ollo a Herbal. ¡Tres veces!, exclamou cando volveu. Mágoa dun buraco na parede.

Se houbese un buraco na parede, verían os dous corpos espidos sobre o leito, ela só vestida polo pano anoado ao pescozo que un día lle dera no cárcere a Daniel.

A min pareceume que alguén choraba, contoulle Herbal a Maria da Visitação. Era unha noite de vento, de moito acordeón no mar.

Logo tamén oín rinchar o somier.

Moi cedo, na hora da alba, o sarxento petou na porta para avisalos. Coa longa vixilia empezou a sentirse inseguro polo paso dado. Moveuse con inquietude arredor da cama.

¿Vostede estaba en verdade de acordo con el?

Algo sabía, mentiu Herbal.

Non llo conte nin a súa muller, dixo o sarxento, de súpeto moi serio.

Non teño muller, dixo Herbal.

Mellor. ¡Andando!

Gardando aínda as formas, saíron do hotel como un grupo de furtivos. De seguilo o recepcionista despois da porta, vería como o comandante Da Barca pasaría a ser un prisioneiro coas mans esposadas. Ía polas rúas unha luz de resaca, unha melancolía de lixo pobre, despois dunha noite de acordeóns na ría.

No peirao, un fotógrafo de emigrantes ofreceuse despistado a facer unha foto. O sarxento disuadiuno cun aceno brusco: ¿Non ves que é un preso?

¿Lévano a San Simón?

A ti que che importa.

Case ninguén volve. Déixeme que lles faga a foto.

¿Que ninguén volve?, dixo o doutor de súpeto cun sorriso destemido. ¡Un berce romántico, señores! ¡De aí saíu o mellor poema da humanidade!

Pois agora é un catafalco, murmurou o fotógrafo.

¡Veña!, ordenou o sarxento. ¿A que espera? Faga esa foto, ¡pero que non saian as cadeas! El abrazouna por detrás e ela cubriulle os brazos para que non se viran

Jó éjszakát, Da Barca parancsnok úr, mondta Herbal, vigyázzba vágva magát, majd finoman Marisa irányába biccentett: Jó éjszakát, asszonyom.

García őrmester megmutatta az iratait, és azt mondta a recepciósnak: Semmilyen körülmények között sem zavarhatják a parancsnokot. Bármilyen ügyben engem keressen előbb.

Nagyon hosszú éjszaka volt, mondta Herbal Maria da Visitação-nak. Legalábbis nekünk. Gondolom, nekik éppen hogy rövidnek tűnhetett.

Nem hiszem, hogy a turbékoló galambocskáink megszöknének, mondta az őrmester, amikor beléptünk a szobába. De jobb, ha nem kockáztatunk.

Így egész éjszaka virrasztottak, és felváltva hallgatóztak az ajtónál. Önként vállalom az első turnust, kacsintott teátrálisan García őrmester Herbalra. Háromszor! Kíáltotta, amikor visszatért a szobába, hogy leválsák. Kár, hogy nincs lyuk a falon.

Ha lett volna lyuk, két meztelen testet láttak volna az ágyon. Marisa nyakán csak a kendő volt, amit annak idején Danielnek adott a börtönben.

Én úgy hallottam, mintha valaki sírna, mondta Herbal Maria da Visitação-nak. Szeles éjszaka volt, hangosan szóltak a harmonikák a tengeren.

Aztán elkezdett recsegni az ágy is.

Nagyon korán, hajnalhasadáskor az őrmester bekopogott, hogy figyelmeztesse őket. A hosszú virrasztás miatt kezdte megkérdőjelezni azt, hogy vajon helyesen cselekedett-e. Nyugtalanul sétált az ágy körül.

Maga tudott a tervéről?

Említett valamit, hazudott Herbal.

Nem mondhatja el senkinek, még a feleségének sem, mondta az őrmester hirtelen elkomolyodva.

Nincs feleségem, válaszolt Herbal.

Annál jobb! Na, menjünk!

Továbbra is őrizve a látszatot, úgy hagyták el a szállodát, mint egy titkos különítmény. Ha követte volna őket a recepció, látta volna, hogyan lesz Da Barca parancsnokból megbilincselte fogoly. Az utcát az apály fényei töltötték be, a harmonikák éjszakája után a szegényes hordalék melankóliája terjengett a sekély öbölben.

as esposas. Enfundados un no outro, co mar ao fondo. Olleiras de noite de vodas. Sen moita convicción, como un trámite, o fotógrafo pediulles que sorriran.

A derradeira vez que a vin, contoulle Herbal a Maria da Visitação, foi dende o ancoradoiro. Nós subidos á barca. Ela alí, no alto do embarcadoiro, solitaria, acaroadá ao norai, as longas guedellas roxas peiteadas polo vento.

El ía ergueito na barca, sen deixar de mirar para a muller no norai. Eu encollido, na popa. Debo ser o único galego que non naceu para andar no mar.

Ao chegar a San Simón, o doutor saltou ao embarcadoiro, cun aire resolto. O sarxento asinou un papel e entregóullelo aos gardas.

Antes de marchar, o doutor Da Barca volveuse cara a min. Mirámonos en fite.

Díxome:

O teu non é tuberculose. É do corazón.

Aquelas da beira, dixo o barqueiro no regreso, non son lavandeiras. Son as mulleres dos presos. Mándanlles alimentos polo mar nos seiróns dos bebés.

A mólón egy emigránsokat fotózó fényképész szórakozottan felajánlotta, hogy készít róluk egy képet. García őrmester egy nyers mozdulattal elutasította: Nem látod, hogy fogoly?

A San Simónra megy?

Mit érdekel az téged?

Szinte senki se tér vissza onnan. Hadd csináljak egy képet.

Hogy senki se tér vissza? Vetette közbe a doktor merész mosollyal a száján. Pedig az egy igazi romantikus bölcső, uraim! Ott született meg a világ legszebb verse, Mendinho *Itt ülök Szent Simon kőkolostorában* című költeménye.

Hát, most nem bölcső, hanem inkább ravatalozó, mondta halkán a fényképész.

Menjen már oda! Gyerünk, rendelkezett az őrmester. Mire vár? Csinálják meg azt a képet! De a láncok ne látszódjanak.

Átöltelte hátulról Marisát, a nő pedig eltakarta a karjait, hogy ne látsszanak a láncok. Egymásba merülve a tengerrel a háttérben. A nászéjszakától fáradt szemekkel. Nem túl nagy meggyőződéssel, mint valami hivatalnok, a fényképész megkérte, hogy mosolyogjanak.

Utoljára a kikötőben láttam, mondta Herbal Maria da Visitação-nak. Mi már a hajón voltunk, Marisa pedig ott állt egyedül a magasban, a rakparton a kikötőbak mellett, hosszú, szőke fürtjei lengtek a szélben.

Da Barca állt, amikor elindultunk, és mereven nézte a nőt a parton. Én a hajó farába húzódtam. Biztos én vagyok az egyetlen galíciai, aki nem arra született, hogy a tengeren hajózzon.

A San Simónra érve a doktor elszántan lépett ki a partra. Az őrmester aláírt egy papírt, és átadta a börtönőröknek.

Mielőtt bekísérték volna, Da Barca doktor rámnézett. Egymás szemébe néztünk.

Azt mondta:

Neked nem tébécéd van, hanem szívproblémád.

Azok ott a parton, mondta a révész a visszaúton, nem mosónők. A fogvatartottak feleségei. Mózeskosarakban küldenek ételmet a férjeiknek a tengeren keresztül.



## 20.

---

Eles foron o mellor que a vida me deu.

Herbal colleu o lapis de carpinteiro e debuxou unha cruz no branco da necrolóxica do xornal, dous trazos bastos como feitos a buril en pedra de laxe.

Maria da Visitação leu o nome do falecido: Daniel Da Barca. Debaixo o nome da dona, Marisa Mallo, o fillo, a filla, e un longo ronsel de netos.

Na cabeceira, á dereita, e a xeito de epitafio, un poema da Antero de Quental. Maria da Visitação leuno a modo no seu portugués de acento crioulo:

*Mas se paro um momento, se consigo  
fechar os olhos, sinto-os a meu lado  
De novo, esses que amei: vivem comigo...*

¡Herbal, vasmе estragar a moza con tanta literatura!

Manila, que acababa de baixar do primeiro andar, servíase un café na barra. Hoxe parecía de bo humor.

Eu só coñecín un home que sabía poemas. ¡E era un cura! Eran uns poemas preciosos que falaban de merlos e de amor.

¿Ti e mais un cura poeta?, dixo chocalleiro Herbal. Boa parella, si señor.

Era un home encantador. Un cabaleiro, e non coma outros de sotana. Don Faustino. Segundo el, Deus tiña que ser muller. Cando se vestía de paisano para ir de troula, dicía: ¿A que non me coñece nin Cristo? Algo inocente. Fixéronlle a vida imposible.

Ők voltak a legjobb dolog, amit az élettől kaptam.

Herbal a kezébe vette a ceruzát, és egy keresztet rajzolt a gyászjelentés fehér részére. Két vastag és szabálytalan vonalat, mintha vésővel vájta volna bele egy kőlapba.

Maria da Visitação elolvasta az elhunyt nevét: Daniel Da Barca. Ott állt alatta a felesége, Marisa Mallo, a fia, a lánya és számos unoka neve is.

A gyászjelentés tetején, jobb oldalon egy portugál nyelvű Antero de Quental vers állt. Maria da Visitação felolvasta sajátos kreol akcentusával.

*Ha megállok és lehunyom büszke szemem,  
érezem őket, mind itt vannak, újra velem,  
kiket egykor tiszta szívvel szerettem...*

Herbal, még összezavarod nekem ezt a lányt ennyi irodalommal!

Manila épp most jött le az első emeletről. Kitöltött magának egy kávé a bár-pultnál. Úgy tűnt, hogy ma jó kedve van.

Én csak egy férfit ismertem, aki tudott verseket. Pap volt! A versek meg gyönyörűek. Rigókról és a szerelelről szóltak.

Te és egy pap, aki ráadásul még költ is? Kérdezte gúnyosan Herbal. Szép kis pár, mondhatom.

Elragadó férfi volt. Egy igazi gavallér, nem olyan, mint a csuhások. Don Faustinnak hívták. Szerinte Isten minden bizonnyal nő volt. Amikor civil ruhában

Bebeu o café dun grollo: Ir rematando a leria, que abrimos en media hora.

Nunca os volvín ver, contoulle Herbal a Maria da Visitação. Souben que Marisa tivera un fillo, cando el aínda estaba en San Simón. ¡O neno da noite de vodas! Ao doutor Da Barca soltárono a mediados dos cincuenta. Logo marcharon a América. Iso foi o último que me dixeron deles. Nin sequera sabía que regresaran.

Herbal fixo un xogo de mans co lapis de carpinteiro. Manexábao coma se fose un dedo que andara ceibo.

A min cambioume a vida moi axiña. Despois de entregar o preso en San Simón, volvín á Coruña. Topei á miña irmá moi enferma. Enferma da cabeza, quero dicir. Pegueille un tiro ao Zalito Puga. Boh, en realidade pegueille tres. Iso foi o que me perdeu. Tíño todo pensado. Pensaba alegar que me escapara un limpando a arma. Daquela iso facíase moito. Pero, no último momento, perdín o control e espeteille tres disparos. Así que me expulsaron do corpo e fun parar ao cárcere. Alí coñecín ao irmán de Manila. E mais coñecina a ela, nas visitas. Eu xa non tiña ningúen. Era a miña única ventá co mundo. Cando saín, díxome: Estou farta de chulos. Necesito un home que non teña medo.

E aquí estou.

¿E que foi do pintor?, preguntou Maria da Visitação.

Veume ver unha vez á prisión. Un día de anguria, de sede de aire. Faloume o defunto e pasoume o afogo. Díxome: ¿Sabes? Xa dei co fillo. Anda pintando maternidades.

Iso é bo sinal, díxenlle. Significa esperanza.

Moi ben, Herbal. Xa sabes algo de pintura.

¿Non volveu?

Non, non volveu máis, mentiu Herbal. Como diría o doutor Da Barca, perdeu-se na eterna indiferencia.

Maria da Visitação tiña os ollos engradados. Aprendera a reter as bágoas pero non a controlar as emocións.

Mira, o brillo das camelias despois da chuvia, dixo o pintor na orella de Herbal. ¡Regálalle o lapis! ¡Regálalle á morena!

Toma, regálocho, dixo tendéndolle o lapis de carpinteiro.

Pero...

elment mulatozni, mindig ezt mondta: Ugye még a jóisten sem ismerne meg? Kicsit naiv volt. Ellehetetlenítették az életét.

Felhörpintette a kávéét. Fejezzétek be a trécselést. Fél óra múlva nyitunk.

Nem láttam őket többé, mondta Herbal Maria da Visitação-nak. Hallottam, hogy Marisának született egy fia, mialatt Da Barca bent volt a San Simónon. A nászéjszaka gyümölcse! Da Barca doktort az ötvenes évek közepén engedték ki. Utána Amerikába mentek. Ez volt az utolsó információom róluk. Azt sem tudtam, hogy visszatértek.

Herbal az ácsceruzával játszadozott. Úgy mozgatta, mintha az egyik szabadon mozgó ujjá lenne.

Az én életem utána gyorsan megváltozott. Miután átadtuk a foglyot a San Simónon, visszatértem Coruñába. A húgom nagyon beteg volt. Lelki beteg. Golyót eresztettem Zalito Puga fejébe. Pontosabban három golyót. Ezért buktam le. Pedig mindent kiterveltem. Azt hazudtam volna, hogy csak tisztogattam a fegyvert, és véletlenül elsült. Akkoriban gyakran történtek ilyen balesetek. De az utolsó pillanatban elvesztettem a fejem, és háromszor belelöttem egymás után. Elbocsátottak a katonaságból, és börtönbe kerültem. Ott ismertem meg Manila bátyját, illetve magát Manilát, a látogatások alatt. Amikor szabadultam, azt mondta: Elegem van a stricikből. Olyan férfire van szükségem, aki nem fél semmitől.

Így kerültem ide.

És mi lett a festővel? Kérdezte Maria da Visitação.

Egyszer felkeresett a börtönben. Egy gyötrelmes napon, amikor alig kaptam levegőt. Elkezdett beszélni hozzám, és elmúlt a fulladás. Azt mondta: Képzeld, megtaláltam a fiam. Szülőotthonokat fest.

Ez jó jel, válaszoltam. Akkor van még remény.

Nagyon jó, Herbal! Már konyítasz valamicskét a festészethez.

Nem tért vissza többé?

Nem, nem tért vissza többé, hazudta Herbal. Elveszett az örök közöny birodalmában, ahogy Da Barca doktor mondaná.

Maria da Visitação szeme ragyogott. Megtanulta, hogyan tudja visszatartani a könnyeit, de az érzelmeinek nem tudott parancsolni.

Cólleo, fai favor.

Manila deu as palmas de costume no aire e abriu a porta do local. Había un cliente esperando.

Ese xa estivo aquí o outro día, dixo Herbal coa voz cambiada. A voz de vixía: ¡Tes traballo, nena!

Encariñouse, dixo ela con ironía. Contoume que era periodista. Anda deprimido.

¿Periodista deprimido? A voz agora era de noxo: Ten coidado. ¡Que pague antes de ir á cama!

¿A onde vas?, preguntoulle Manila con estrañeza.

Vou un pouco fóra. Tomar o fresco.

¡Abrígate!

Só é un momento.

Herbal apoiouse no gonzo da porta. Na noite chuviñenta e ventosa, o neon da valquiria palpabrexaba cunha obscenidade triste. O can do cemiterio de coches latíalle á procesión de faros, unha ladaíña de buril na escuridade. Herbal notou o afogo e desexou que o arrasara por dentro unha raxada de aire. Polo camiño areoso que levaba á estrada, viuna vir por fin. A Morte cos seus zapatos brancos. Por instinto, palpou na procura do lapis de carpinteiro. ¡Ven, cabrona, xa non teño nada! ¿Por que estaba tan calada? ¿Por que non maldicía á puta Vida e ao sorrinte acordeonista que a levará?

¡Entra, Herbal!, dixo Manila abrigándoo co seu chal de encaixe negro. ¿Que fas aquí fóra só coma un can?

A dor pantasma, murmurou el entre dentes.

¿Que dis, Herbal?

Nada.

Nézd csak! A kaméliák ragyogása eső után, suttogta a festő Herbal fülébe. Ajándékozd neki a ceruzát! Ajándékozd a ceruzát a fekete bőrű lánynak!

Tessék, neked adom, nyújtotta oda Herbal az ácsceruzát Maria da Visitação-nak.

De...

Fogadd el. Kérlek...

Manila szokásához híven tapsolt párat, és kinyitotta a bár ajtaját. Már ott várt egy kuncsaft.

A múltkor is itt volt, mondta Herbal elváltozott hangon. A biztonsági őr hangján: Munkára, kislány!

Biztos belém szeretett, mondta a lány gúnyosan. Azt mondta, hogy újságíró. Depressziós.

Egy depressziós újságíró? A hangjában most az undor hallatszott: Vigyázz vele. Még azelőtt fizessen ki, hogy lefekszel vele.

Hova mész? Kérdezte furcsán Manila.

Kimegyek kicsit a friss levegőre.

Vedd fel a kabátodat.

Csak egy percre.

Herbal az ajtófélfának támaszkodott. A szeles és esős éjszakában melankolikus obszcenitással pislákkolt a valkűrfigura neonfénye. A kutya a kocsitehetőben megugatta az elvonuló fényszórókat. Metsző panaszdal a sötétben. Herbal egyre nehezebben kapott levegőt, és azt kívánta, bárcsak kitisztítaná belülről egy szellőkés. Meglátta, hogy közeledik az autópálya felé vezető, poros úton. A Halált a fehér cipőivel. Ösztönösen az ácsceruza után nyúlt. Gyere, te szemét, nincs már semmim! Miért volt olyan csendes? Miért nem átkozta el azt a kurva Életet és a mosolygós harmonikást, aki megsöktette?

Gyere be, Herbal! Mondta Manila és ráterítette a fekete csipkekendőjét. Mit csinálsz itt egyedül, mint egy kutya?

A fantomfájdalom, suttogta Herbal a fogai között.

Mit mondasz, Herbal?

Semmit.

Manuel Rivas regénye két galíciai férfi sorsán keresztül mutatja fel a polgárháborúba süllyedő Spanyolország tragédiáját. *Az ácsceruza* azonban korántsem korlátozódik a XX. századi Európa hírhedten véres konfliktusának egyszerű leírására, hiszen a két férfi – az ellenállást képviselő Da Barca doktor és a falangisták közé álló Herbal – egymásba gabalyodó történetében az önmagát marcangoló nemzet katasztrófája mellett ott vibrálnak Galicia néphagyományai és a galego öntudat főbb kérdései, a sziklákat és börtönfalakat áttörő szerelem, a tuberkulózis pusztítása és mítosza, valamint a múlt kérlelhetetlen szellemei. A kortárs galego nyelvű irodalom legmeghatározóbb szerzőjeként számon tartott Rivas finoman cizellált, költői prózanyelven kíséri végig a karizmatikus doktor és az árnyékául szegődő, frusztrált Herbal útját Santiago de Compostela árkádsoraitól, az ikonikus katedrálissal szemben található börtöncellák dohos világán át egy valenciai szanatóriumig, majd újból átvágva az egész országon, vissza Galiciába, a középkori trubadúrénekekből ismert San Simón fegyencszigetére, hogy végül megmutassa, a szerelem ugyanúgy képes legyőzni a politikát és a történelmet, mint a halált, a szellemeket és a betegséget.

ISBN 978-963-489-363-9



9 789634 893639



XUNTA DE GALICIA

